Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2026

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

Aspectos salientables

1. Nun contexto internacional de elevada complexidade e inestabilidade, as economías galega e española seguen a caracterizarse por un crecemento sostido e polo seu forte dinamismo en comparación coa media europea e a dos países da zona euro, así como das súas principais economías. No primeiro trimestre de 2026, o PIB medra en Galicia un 2,4%, tres décimas menos que en España, fronte a tan só un 0,7% da UE ou o 0,3% da zona euro. En relación ao trimestre anterior, salienta o positivo comportamento do PIB galego, cunha medra un 0,7%, fronte a los 0,6% de España, fronte á contracción do 0,1% de media na UE.

2. Dende o punto de vista da demanda, a demanda interna constitúe o motor de crecemento da actividade económica de Galicia, ao igual que en España, UE e as principais economías da zona euro. Porén, mentres que en Galicia a demanda externa ten unha aportación nula, esta detrae décimas ao crecemento agregado do PIB nas outras economías. En concreto, a demanda interna achega 2,4 puntos ao PIB galego, fronte ao aos 3,4 puntos en España ou 1,7 puntos na UE; mentres que a demanda externa detrae sete décimas no conxunto do Estado e 1,1 puntos na UE. O cadro macroeconómico galego reflicte que o investimento mantense coma a compoñente con maior crecemento (3,5%) aumentando tanto o consumo privado como en menor medida o gasto público (2,3% e 2,1%, respectivamente).

3. No concernente á demanda externa, tanto as exportacións como as importacións presentan unha medra interanual do 0,4%. Atendendo ás relacións con terceiros países, Galicia concentra o 7,7% das exportacións españolas e o 5,1% das importacións. A elevada concentración xeográfica, sectorial e empresarial seguen a caracterizar ás exportacións galegas; así, a UE acolle máis do 70,7% das vendas galegas ao exterior; os cinco primeiros países supoñen o 52,8% do total; e os sectores téxtil-confección e automóbil, un 40,51%. Asemade, cómpre resaltar que as cinco primeiras empresas exportadoras regulares concentran o 42,5% da exportación galega (51% se se consideran as dez primeiras empresas), valores que se sitúan tan só no 9,1% e 14% no conxunto do Estado.

4. Dende o punto de vista da oferta, a construción sitúase como o sector de maior crecemento en Galicia, cun 6%, superando ao sector servizos, cun 2,5% e a industria (2,3%). A devandita desaceleración no ritmo de crecemento da economía galega explícase polo comportamento do sector servizos, que no primeiro trimestre de 2025 medraba un 3,3%; así como pola importante ralentización da industria manufactureira, que medra un 0,9%, lonxe do 3,7% rexistrado no primeiro de 2025. Asemade, o sector primario medra un 0,8% fronte ao 3,4% estimado no mesmo período do ano precedente. O maior dinamismo da economía española ven explicado en maior medida polo mellor comportamento so sector servizos, que medra en España un 3,2%. Este diferencial de crecemento é especialmente significativo no caso do comercio, transporte e hostalería, que na economía galega medra un 2,1%, lonxe do 4,5% estimado

para a economía española. Por último, o sector primario medra en Galicia un 0,8% en relación ao ano anterior o que contrasta cunha contracción do 3,4% no conxunto do Estado.

5. O incremento do 6,4% do PIB nominal a prezos correntes no cuarto trimestre de 2025 (último dato dispoñible) tradúcese nun crecemento do 8,3% na remuneración dos asalariados e do 4,1% do Excedente Bruto de Explotación/Renda Mixta Bruta. Así, a participación da RA na renda ascende no último ano ata o 44,4%, sete décimas superior á estimada no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 45,7% (46,5% no ano precedente). Comparado co acontecido no conxunto do Estado cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo dos últimos anos por riba do peso relativo do EBE; e en segundo lugar, o peso relativo da Remuneración de asalariados en España mantén unha tendencia alcista, acadando no cuarto trimestre de 2025 o 48,6% do PIB fronte ao 40,9% no caso do Excedente bruto.

6. Os indicadores básicos do mercado laboral seguen a amosar un comportamento global positivo. Dunha banda, mellora significativamente a taxa de actividade e ocupación, aumentando a calidade de emprego atendendo á redución da temporalidade. Doutra banda, os catro indicadores da ocupación considerados (poboación ocupada, afiliacións, postos de traballo equivalente e horas traballadas) presentan taxas de crecemento superiores ás estimadas no ano anterior. Nos obstante, o positivo incremento da poboación activa explica o lixeiro incremento da taxa de paro no primeiro trimestre.

7. Tras o devandito incremento do PIB, cómpre destacar en primeiro lugar o forte incremento da poboación activa (2,6%), o segundo máis importante dende a crise económica de 2008. Esta evolución vén motivada fundamentalmente polo comportamento das mulleres cun 25.400 activas máis (4,1%) fronte ao 1,2% entre os homes (7.600 persoas). Asemade, o aumento concéntrase en maior medida entre aquelas persoas con estudos superiores rematados e coa segunda etapa da ESO (orientación xeral) rematada, así como entre as persoas maiores de 55 anos e entre as persoas de 45 a 54 anos. Doutra banda, a poboación activa de nacionalidade estranxeira medra con maior intensidade que entre as persoas españolas, cun incremento do 19,8% e 1,2%, respectivamente.

8. No que á ocupación se refire, os catro indicadores de ocupación considerados presentan taxas de crecemento superiores ás estimadas no ano anterior. como polo feito de que todo o emprego creado é emprego indefinido, situándose Galicia como a segunda C.A. con menor taxa de temporalidade. Dunha banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 2,4%, catro décimas máis que no ano anterior, e as afiliacións á Seguridade Social presentan un incremento interanual do 1,8% fronte ao 1,5% do ano precedente. Asemade, as contas económicas reflicten o número de postos de traballo equivalentes a tempo

completo medran un 1,1% e o número de horas traballadas o fai nun 1,5% (0,8% e 0,1%, respectivamente, en 2025). Ao igual que en anos anteriores, o mercado laboral en España presenta con carácter xeral un mellor comportamento que en Galicia (tan só a poboación ocupada presenta un crecemento similar).

9. Segundo os datos recollidos na EPA, xunto ao devandito dinamismo do emprego feminino (3,9% fronte ao 1% entre os homes) cómpre mencionar a mellora da calidade do emprego atendendo a que todo o emprego creado é emprego indefinido, reducíndose por tanto a taxa de temporalidade, situándose Galicia como a segunda Comunidade autónoma con menor taxa de temporalidade tras Madrid. A mellora do emprego prodúcese tanto por unha medra do número total de persoas traballadoras por conta propia como allea, a diferenza do que acontece no conxunto de España onde a ocupación aumenta tan só entre as persoas asalariadas. A creación de emprego prodúcese fundamentalmente no sector servizos, reducíndose tan só a ocupación no sector industrial. Con todo, Galicia mantense entre as CC.AA. con menor taxa de ocupación.

10. No que ao desemprego se refire, redúcese o número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego (4,3%) o que contrasta coa medra da poboación parada reflectida na EPA (4,4%). A taxa de paro sitúase no 9%, a quinta C.A. coa taxa máis reducida. As taxas de paro amosan que o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino, sendo novamente as persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios os colectivos máis afectados polo desemprego. Tamén, cómpre mencionar o incremento das persoas que levan máis dun ano nesa situación, cunha medra do 8,9%, o que contrasta coa redución do 10,9% en España.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso país, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Xuño 2026

I- ANÁLISE DE CONTAS

Contas económicas no primeiro trimestre 2026. Mantense o ritmo de crecemento sostido do PIB galego.

A economía galega e española seguen a presentar un crecemento sostido, o que contrasta coa significativa ralentización no conxunto de países da UE e da zona euro. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2,4%, tres décimas inferior á media española, cando na UE-27 a medra foi do 0,7%. En relación ao trimestre anterior, salienta o positivo comportamento do PIB galego, cunha medra un 0,7%, fronte aos 0,6% de España, e á contracción do 0,1% de media na UE.

A demanda interna segue a ser o motor de crecemento do PIB galego, ao igual que en España, UE e principais economías da zona euro. Non obstante, mentres que en Galicia a demanda externa ten unha aportación nula, esta detrae décimas ao crecemento agregado do PIB nas outras economías. En concreto, a demanda interna achega 2,4 puntos ao PIB galego, fronte ao aos 3,4 puntos en España ou 1,7 puntos na UE; mentres que a demanda externa detrae sete décimas no conxunto do Estado e 1,1 puntos na UE. Cómpre mencionar que todos os compoñentes da demanda, agás o gasto das administracións públicas, presentan en España un mellor comportamento. En Galicia, o cadro macroeconómico reflicte que o investimento mantense coma a compoñente con maior crecemento (3,5%) aumentando tanto o consumo privado como en menor medida o gasto público (2,3% e 2,1%, respectivamente). No caso do sector exterior, tanto as exportacións como as importacións medran un 0,4%.

Dende o lado da oferta, todas as ramas de actividade presentan por quinto trimestre consecutivo taxas de crecemento positivas, manténdose a construción como o sector coas taxas máis elevadas, cun 6%. O sector servizos medra un 2,5% respecto ao ano anterior, e a industria un 2,3%, presentando o sector primario un crecemento do 0,8%. O maior dinamismo da economía española explícase fundamentalmente pola mellor evolución do sector servizos, cunha medra interanual do 3,4%, e en menor medida da construción, cun 6,5%, e a industria manufactureira, cun 1,8%, o dobre do estimado para Galicia.

Actividade económica

A economía do conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro presenta no primeiro trimestre do ano un mal comportamento, ao contraerse a súa actividade económica unha e dúas décimas respecto ao tri-

mestre anterior, respectivamente, feito que non acontecía dende o cuarto trimestre de 2022 no caso da UE-27 e dende a saída da crise orixinada pola pandemia no caso da zona euro. Cómpre mencionar que tan só catro países presentan esta contracción, salientando Francia, cunha caída intertrimestral do 0,1%; Irlanda, que encadea catro trimestres consecutivos cunha contracción da súa actividade, reducíndose o seu PIB un 12,1%, e Lituania e Suecia, cun -0,3% e -0,2%, respectivamente. Entre as cinco grandes economías europeas, España segue a presentar o maior dinamismo, cunha medra do 0,6%, por diante de Alemaña e Italia, cunha medra do 0,3%, e Países Baixos, cunha taxa de variación intertrimestral do 0,1%.

En termos interanuais, a economía da Unión Europea e do conxunto da zona euro caracterízase pola súa acusada ralentización no ritmo de crecemento do PIB, cunha medra do 0,7% e 0,3%, respectivamente, o que supón as porcentaxes máis reducidas dende o derradeiro trimestre de 2023 (1,7% no primeiro trimestre de 2025). Entre as grandes economías europeas, España segue a caracterizarse polo dinamismo da súa actividade económica, ao presentar unha medra interanual do 2,7%, dous puntos por riba da rexistrada na UE. En Países Baixos o PIB medra un 1,3%, fronte ao 0,9% en Francia; o 0,8% de Italia; e o 0,3% de Alemaña. En Portugal, o segundo socio comer-

PIB e principais compoñentes da demanda na UE-27, zona euro e principais economías europeas no primeiro trimestre de 2026.

	Unión Europea	Zona Euro	Alemaña	Francia	Italia	España	Países Baixos
PIB	0,7	0,3	0,3	0,9	0,8	2,7	1,3
Gasto en consumo final	1,6	1,4	1,4	0,6	1,1	2,9	1,3
Gasto final das Administracións Públicas	2,4	2,3	3,6	1,2	0,6	2,0	2,7
Gasto final sector privado	1,3	1,1	0,4	0,3	1,3	3,3	0,4
Investimento (Formación Bruta de capital)	2,5	2,6	0,5	1,7	1,3	5,8	4,1
Investimento (Formación Bruta de capital fixo)	0,8	0,3	-1,0	0,8	4,6	5,6	1,7
Achega da demanda interna	1,7	1,6		0,8	1,1	3,4	
Exportacións bens e servizos	0,2	-0,9	-0,5	0,4	1,6	0,9	1,7
Importacións bens e servizos	2,5	1,9	1,5	0,2	2,7	3,1	2,5
Achega demanda externa	-1,1	-1,3		0,1	-0,3	-0,7	

Fonte: Eurostat e INE

cial de Galicia, a actividade económica medra un 2,3% respecto ao mesmo período do ano anterior.

O cadro macroeconómico publicado por Eurostat amosa que a demanda interna constitúe o motor de crecemento da economía europea, cunha achega de 1,7 puntos porcentuais, fronte ao comportamento da demanda externa que detrae máis dun punto ao crecemento agregado do PIB. A devandita ralentización do crecemento explícase en maior medida pola evolución da demanda externa, que no primeiro trimestre de 2025 detraía tan só catro décimas, aportando a demanda interna 2,1 puntos porcentuais.

Entre os distintos compoñentes da demanda interna, o investimento é quen presenta as taxas de crecemento máis elevadas, cunha medra interanual do 2,5% na UE, case punto e medio menos que no ano precedente, aumentando un 1,6% o gasto en consumo final (1,8% en 2025), impulsado en maior medida polo gasto das administracións públicas, cun incremento do 2,4% (1,3% no caso do gasto final do sector privado). Por contra, as importacións de bens e servizos medran un 2,5% fronte a tan só un 0,2% no caso das exportacións.

Entre as principais economías de zona euro, o investimento é a compoñente que con carácter xeral presenta un maior dinamismo. En España medra un 5,8% respecto ao ano anterior, fronte a un 4,1% en Países Baixos e o 1,7% de Francia. Por contra, en Alemaña salienta o incremento do 1,4% do gasto en consumo final impulsado polo comportamento do gasto das administracións públicas, cun 3,6%, mentres que o investimento medra un 0,5%. No que á demanda externa se refire, os datos de Eurostat amosan que as cinco grandes economías agás Francia, presentan unha medra das importacións superior ao das exportacións, destacando a medra das importacións do 3,1% en España ou 2,7% en Italia e 2,5% en Francia; aumentando as vendas a terceiros países un 1,7% en Países Baixos e un 1,6% en Italia. Na economía alemá, as importacións medraron un 1,5% respecto ao ano anterior, o que contrasta coa contracción do 0,5% das exportacións. En Francia as exportacións medran un 0,4%, dúas décimas por riba do experimentado no caso das importacións.

No concernente á evolución da economía galega, o PIB segue a presentar un mellor comportamento que a Unión Europea, o conxunto de países da zona euro e os seus principais socios comerciais, manténdose por baixo do rexistrado pola economía española. En concreto, no primeiro trimestre de 2026 Galicia rexistra un incremento interanual do 2,4%, tres décimas menos que no conxunto do Estado; sendo este crecemento do 0,7% en relación ao trimestre anterior (0,6% en España).

Evolución do PIB real na UE, Galicia e España, 2022-2026. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte que a demanda interna, constitúe ao igual que na Unión Europea, o conxunto de países da zona euro e nas súas principais economías, o motor de crecemento, cunha achega de 2,4 puntos ao crecemento agregado do PIB. A diferencia do que acontece no conxunto da Unión Europea e nas principais economías da zona euro, a demanda externa non detrae décimas ao crecemento do PIB, sendo nula a

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2024-2026



Fonte: IGE e INE

súa contribución ao crecemento do PIB (tan só Francia presenta no primeiro trimestre do ano unha achega positiva).

Dende o lado da demanda, a ralentización da actividade económica galega en relación ao mesmo período do ano anterior (2,9% en 2025 fronte ao 2,4% de 2026), explícase polo comportamento do sector exterior, que no primeiro trimestre de 2025 aportaba 1,1 puntos ao crecemento agregado do PIB. Por contra, a demanda interna achega neste primeiro trimestre 2,4 puntos, seis décimas máis que no ano precedente. No conxunto de España, tanto a demanda interna como externa contribúen con dos décimas menos que no ano precedente.

Entre os compoñentes da demanda interna, na economía galega destaca, ao igual que acontece en España e nas principais economías da zona euro, o crecemento do investimento medido en termos da formación bruta de capital, cunha medra interanual do 3,5%, lonxe do 5,8% estimado na economía española. Doutra banda, o gasto en consumo final medra un 2,2%, impulsado polo comportamento do sector privado, cun incremento interanual do 2,3% fronte ao 21% no sector público. Fronte a este comportamento, no conxunto de España o gasto en consumo final, impulsado en maior medida polo consumo privado, presenta unha medra do 2,9%, situándose este crecemento no 3,3% no caso dos fo-

Cadro macroeconómico de Galicia 2024-2026. Taxas de variación interanual

	2024	2025	2025/I	2025/II	2025/III	2025/IV	2026/I
					%		
Produto Interior Bruto	2,8	2,6	2,9	2,6	2,2	2,4	2,4
Demanda							
Gasto en consumo final	2,7	2,1	1,7	2,7	2,1	1,8	2,2
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	1,6	2,0	1,3	2,9	1,7	2,1	2,3
AA. Públicas	5,8	2,3	2,7	2,3	3,1	1,2	2,1
Formación Bruta de Capital	1,3	4,2	2,7	6,6	4,3	3,2	3,5
Achega demanda interna ao PIB	2,4	2,4	1,8	3,3	2,4	2,0	2,4
Exportacións	3,1	0,0	1,2	-1,2	2,2	-2,0	0,4
Importacións	2,5	-0,3	-0,7	-0,1	2,5	-2,8	0,4
Achega demanda externa ao PIB	0,4	0,2	1,1	-0,7	-0,2	0,4	0,0
Oferta							
Sector primario	3,1	1,3	3,0	0,0	1,0	0,5	0,8
Industria	3,3	2,2	1,5	2,4	3,4	1,8	2,3
Industria manufactureira	4,5	3,2	3,8	5,2	3,2	1,0	0,9
Construción	4,8	7,3	5,2	6,4	8,3	8,0	6,0
Servizos	2,8	2,7	3,3	2,9	1,9	2,6	2,5
Comercio, transporte e hostalería	1,3	2,1	3,4	2,3	1,7	1,3	2,2
Información e comunicacións	12,1	4,7	4,7	2,3	5,1	6,7	0,5
Actividades financeiras e de seguros	0,2	3,4	5,7	1,8	0,6	6,0	2,4
Actividades inmobiliarias	3,3	3,9	3,7	5,4	3,3	3,2	2,7
Actividades profesionais	3,1	4,3	4,4	4,1	4,6	4,3	4,5
Administración pública, sanidade e educación	3,9	1,7	2,3	2,3	0,1	2,0	2,4
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	0,2	1,6	1,1	1,6	2,0	1,6	2,6

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España no primeiro trimestre de 2026. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

gares e no 2% no gasto público.

No que á demanda externa se refire, o cadro macroeconómico reflicte que no primeiro trimestre de 2026, tanto as exportacións como as importacións de bens e servizos presentan en Galicia un menor crecemento que no conxunto de España. Mentres que na economía galega tanto as compras como as vendas fóra de Galicia medran un 0,4%, as exportacións españolas medra un 0,9% e as importacións, un 3,1% respecto ao ano anterior.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas no primeiro trimestre de 2026 presenta unha caída interanual do 0,7%, fronte ao incremento do 3,1% experimentado no mesmo período do ano anterior. En termos nominais, as exportacións ascenderon a 7.406,7 millóns de euros, 49,5 millóns menos que en 2025. Este descenso vén motivado en boa medida polo comportamento experimentado polo sector de automóbiles e motos, cunha caída do 12,3% (186,2 millóns menos); e maquinaria específica de certas industrias, cunha redución do 20,7% (51,3 millóns menos). Por contra, aumentan as exportacións de petróleo e derivados un 32,6% (68,8 millóns); un 8,8% no caso do material de transporte (53,3 millóns de euros máis); e un 26,3% no das vendas de metais non ferrosos (44,6 millóns de euros máis). Tras esta evolución, as exportacións galegas correspondentes ao sector do automóbil e motos representan o 21,3% do valor total, fronte ao 22,2% do sector téxtil-confección; e o 9,3% da pesca. A cota

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2012-2026. Datos acumulados ao primeiro trimestre.



Fonte: ICEX

de mercado das exportacións galegas no total estatal sitúase no 7,7%, unha décima menos que no ano anterior, o que supón segundo valor máis elevado nos últimos quince anos; sendo este peso relativo do 52,5% no caso da pesca ou do 35,1% no téxtil (12,6% no sector do automóbil).

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o incremento do xa elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 70,7% das exportacións, máis de punto e medio superior ao rexistrado no mesmo período do ano anterior (69,1%); dirixíndose ao resto do continente europeo un 11,5% das vendas exteriores. Por contra, redúcese o peso das exportacións a África, que concentra o 6,4% das vendas galegas, oito décimas menos que no ano precedente; e o das vendas dirixidas aos países americanos, que supoñen o 5,8% do total (6,6% en 2025). Fronte a esta caída, as venda de bens e servizos en Asia concentran o 4,4% das exportacións, case un punto máis que no ano anterior (3,5%). Comparado co ano anterior, cómpre mencionar en primeiro lugar a medra do valor das exportacións cara a UE nun 1,6% (83 millóns máis), o que contrasta coa redución do 7,7% das exportacións dirixidas ao resto de Europa (71,4 millóns menos) a pesar do incremento das vendas a Turquía, que medran un 6,5% (30,5 millóns de euros máis). As exportacións ao continente africano contráense un 11,5% en relación ao mesmo período do ano precedente impulsada pola significativa redución das vendas a Marrocos (-19,1%; 67,8 millóns menos); o que contrasta coa medra do 26,1% ao continente asiático (68 millóns máis). As vendas aos países americanos redúcense un 13,6% (-67,6 millóns), por mor das caídas das exportacións a Estados Unidos (-28,1%), Chile (-39,9%) e Venezuela (-95,5%).

Francia, tras unha medra do 7,9% do importe total das exportacións, mantense como principal destino das exportacións galegas ao acoller o 16,7% do total galego, o que supón case punto e medio máis que no mesmo período do ano precedente. A continuación sitúase Portugal, cuxo peso relativo ascende ata o 14,8% (13,9% no mesmo período do ano anterior), reducíndose por contra o peso relativo de Italia ata o 8,8%, tras unha caída do valor das vendas a ese país nun 16,3%. Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, situándose Turquía como cuarto destino dos produtos galegos ao exterior, que tras unha medra do 6,7% concentra o 6,5% das exportacións galegas (6,1% en 2025); por diante do Reino Unido en noveno lugar, que acolle o 4% das exportacións (5% no ano precedente); e Marrocos na décima posición, cun 3,9% (4,8% no ano anterior).

O devandito incremento en Francia ven motivado ven motivado polo comportamento do subsector de bens de

Exportacións galegas 2025-26. Principais países e sectores económicos. Datos acumulados ao primeiro trimestre.



Fonte: ICEX

equipo, cunha medra do 98,1% máis (153,2 millóns de euros máis, e dentro destes, salienta o de materiais de transporte (43,5%; 46,1 millóns de euros máis). Asemade, a evolución positiva das vendas exteriores a Turquía explícanse fundamentalmente polo incremento do valor das exportacións do subsector de automóbiles e motos nun 24% (180,9 millóns) e do sector de materiais de transporte (73,1%; 88,1 millóns de euros máis).

Por último, na análise da demanda externa cómpre facer referencia á base exportadora, é dicir, ao número de empresas que vendes aos seus produtos fóra de España. De xaneiro a abril de 2026 redúcese lixeiramente o número de empresas que exportan regularmente en Galicia, acadando as 2.491 empresas, un 0,2% menos que no ano anterior (medra un 2,9% en España), o que supón o 59,7% das empresas exportadoras (51,8% no conxunto do Estado). Estas empresas concentran o 96,1% do valor total das exportacións galegas, sendo esta porcentaxe do 96,5% en España.

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora. Dunha banda, as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 42,5% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 51% no caso das dez primeiras empresas (44% e 53,1% no ano anterior, respectivamente), sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (9,1% e 14%, respectivamente). Este

nivel de concentración é lixeiramente superior ao rexistrado antes da crise orixinada pola pandemia (no conxunto do ano 2019 representan o 43,5% e 52,2%, respectivamente) aínda que inferior ao experimentado antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

AGREGADOS DA OFERTA

Por quinto trimestre consecutivo todas as ramas de actividade presentan en Galicia taxas de variación interanuais positivas, o que contrasta co acontecido no conxunto de España onde o sector primario encadea tres trimestres con caídas do veb xerado. Ao igual que acontecía ao longo do ano 2025, no primeiro trimestre do ano a construción presenta as taxas de crecemento máis elevadas, cunha medra interanual do 6%, situándose a continuación o sector servizos, cun incremento do 2,5%; e a industria considerada no seu conxunto, cun 2,3%. Comparado co mesmo período do ano anterior, a devandita desaceleración no ritmo de crecemento da economía galega explícase polo comportamento do sector servizos, que no primeiro trimestre de 2025 medraba un 3,3%, oito décimas máis que en 2026; así como pola importante ralentización da industria manufactureira, que medra un 0,9%, lonxe do 3,7% rexistrado no primeiro trimestre de 2025. Asemade, o sector primario medra un 0,8% fronte ao 3,4% estimado no mesmo período do ano precedente.

O maior dinamismo da economía española explícase fundamentalmente pola mellor evolución do sector servizos, cunha medra interanual do 3,4%, nove décimas por riba do experimentado en Galicia; e a construción, cun 6,5%, medio punto máis que na economía galega. Por contra, o sector industrial medra en España un 1,8%, cinco décimas menos que en Galicia, estimándose que el sector primario no conxunto do Estado contráese un 3,4%, o que contrasta coa medra do 0,8% en Galicia.

Entre as distintas ramas de actividade cómpre mencionar o incremento do 4,5% das actividades profesionais e do 2,2% no caso do comercio, transporte e hostalería, porcentaxes significativamente inferiores ás rexistradas no conxunto de España, cun incremento do 6,5% e 5,2%, respectivamente. Por contra, o conxunto de actividades englobadas en Administración pública, sanidade e educación medran en Galicia a un ritmo superior ao estimado na economía española, cunha taxa de variación interanual do 2,4% e 0,8%, respectivamente.

No que á estrutura produtiva se refi-

re cómpre resaltar que o subsector de comercio, transporte e hostalería concentra no primeiro trimestre de 2026 o 22,1% do veb galego, tres décimas por riba do estimado no ano anterior (21,9% no mesmo período de 2019). A importancia relativa da administración pública, sanidade e educación sitúase no 18,7%, o que supón un nivel similar ao estimado no primeiro trimestre de 2019.

Asemade, cómpre mencionar que a industria manufactureira concentra o 13% do veb galego, cando no mesmo período de 2008 representaba o 14,2%. A importancia relativa do sector da construción aumenta ata o 7,5%, tres décimas máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa lonxe do estimado en 2019 e sobre todo 2008 (7,8% e 12,3%, respectivamente). Por último, o sector primario representa o 4,9% do valor engadido xerado pola economía galega, unha décima inferior ao estimado no ano anterior (5,2% en 2019).

Entre as distintas ramas de actividade cómpre mencionar o incremento do 4,5% das actividades profesionais e do 2,2% no caso do comercio, transporte e hostalería, porcentaxes significativamente inferiores ás rexistradas no conxunto de España, cun incremento do 6,5% e 5,2%, respectivamente. Por contra, o conxunto de actividades

PIB real en Galicia e España no primeiro trimestre de 2026. Indicadores de oferta. Taxas de variación interanual



englobadas en Administración pública, sanidade e educación medran en Galicia a un ritmo superior ao estimado na economía española, cunha taxa de variación interanual do 2,4% e 0,8%, respectivamente.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

Distribución da renda

A mencionada evolución no ritmo de crecemento da economía galega tradúcese nunha mellora da Remuneración de asalariados (RA) e do Excedente bruto de explotación/Renda mixta bruta (EBE/RMB), se ben cunha intensidade desigual. As Contas trimestres de Galicia reflicten que o incremento do 6,4% do PIB nominal a prezos correntes no cuarto trimestre de 2025 se traduce nun crecemento do 8,3% na remuneración dos asalariados, e do 4,1% do EBE/RMB. Como consecuencia deste comportamento da RA, a súa participación na renda aumenta ata o 44,4%, sete décimas superior á estimada no mesmo período do ano anterior, en tanto que o peso relativo do EBE/RMB se sitúa no 45,7% (46,5% no ano precedente). Atendendo á evolución ao longo dos últimos trimestres, dende o terceiro trimestre de 2021 o peso relativo da RA no PIB é inferior ao do EBE/RMB.

Comparado co acontecido no conxunto do Estado cómpre salientar dúas diferenzas. En primeiro lugar, a remuneración de asalariados en España sitúase ao longo de toda a serie considerada por riba do peso relativo do excedente bruto de explotación. En segundo lugar, o peso relativo da remuneración de asalariados mantén unha tendencia alcista, acadando no cuarto trimestre de 2025 o 48,6% do PIB fronte ao 40,9% no caso do Excedente bruto de explotación.

Atendendo á distribución sectorial do peso da remuneración asalariado no valor engadido xerado, no derradeiro trimestre de 2025 (último dato publicado polo IGE) o peso máis elevado rexistrouse na administración pública, cun 79%, situándose no 61,8% no caso das actividades profesionais. O peso da remuneración de asalariados na industria manufactureira sitúase no 59,4%, fronte ao 52,2% no caso da construción e o 50% no conxunto do sector servizos. Por último, o peso relativo máis reducido acádase o sector primario, cun 20%.

• Indicadores derivados. Mercado de traballo

Vinculado ao mercado de traballo hai que facer referencia aos indicadores da produtividade aparente real e ao custo laboral unitario real (CLUR), recollidos nas contas económicas trimestrais de Galicia nos denominados indicadores derivados. A produtividade aparente defínese como o cociente entre o PIB e a ocupación, medida ben mediante o número de postos de traballo ben mediante o número de horas traballadas; mentres que o CLUR compara a remuneración por asalariado coa produtividade de traballo e os prezos, e se calcula dividindo a remuneración por asalariado entre a produtividade aparente nominal.

As contas económicas de Galicia reflicten que o dinamismo da actividade económica non se traslada ao mercado de traballo na mesma intensidade. Así, tras un incremento do PIB do 2,4% o número total de postos de traballo equivalente a tempo completo medra no primeiro trimestre de 2026 un 1,1% respecto ao ano anterior (0,8% no ano

Evolución da distribución da renda no PIB. 2021-2026 (% do PIB)



Fonte: IGE e INE

precedente), e o número total de postos de traballo un 1,4% fronte ao 0,7% en 2025. Da mesma maneira, o número de horas traballadas aumenta un 1,5% fronte ao 0,1% estimado no ano anterior. O mercado de traballo en España presenta un importante crecemento de emprego en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, ao aumentar un 2,8%, unha décima menos que no mesmo trimestre do ano anterior. Por contra, o número de horas traballadas en España medra un 2,1%, cando no ano anterior o fixera un 2,2%.

Por un lado, a produtividade aparente real volve a incrementarse no cuarto trimestre do ano, sendo este crecemento más intenso no caso da produtividade en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo, cunha medra interanual do 1,32% (1,6% no ano precedente). En termos de produtividade por hora traballada, este incremento interanual foi do 0,9% fronte ao 1,2% no caso dos postos de traballo (2% e 1,8% no ano anterior, respectivamente). En termos nominais, a produtividade aparente presenta un incremento do 5,1%

Produtividade aparente do factor traballo no primeiro trimestre 2026. Taxas de variación interanual

Horas efectivamente traballadas

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,4%	1,5%	0,9%	2,7%	2,1%	0,6%
Sector primario	0,8%	0,9%	-0,1%	-3,4%	1,5%	-4,9%
Industria	2,3%	1,0%	1,3%	1,8%	3,8%	-2,0%
Industria manufactureira	0,9%	1,1%	-0,2%	1,8%	3,8%	-2,0%
Construción	6,0%	4,6%	1,4%	6,5%	4,2%	2,3%
Servizos	2,5%	1,3%	1,2%	3,4%	1,6%	1,8%

Postos de traballo equivalente a tempo completo

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Productividade	PIB	Emprego	Productividade
Total	2,4%	1,1%	1,3%	2,7%	2,8%	-0,1%
Sector primario	0,8%	1,1%	-0,3%	-3,4%	5,4%	-8,8%
Industria	2,3%	1,6%	0,7%	1,8%	5,2%	-3,4%
Industria manufactureira	0,9%	1,5%	-0,6%	1,8%	5,1%	-3,3%
Construción	6,0%	3,4%	2,6%	6,5%	6,4%	0,1%
Servizos	2,5%	0,7%	1,8%	3,4%	2,0%	1,4%

Fonte: IGE e INE

en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo e do 4,8% se se mide en relación ao número de horas, porcentaxes inferiores aos rexistrados no ano anterior (4,6% e 5%, respectivamente).

No concernente aos Custos Laborais Unitarios, os datos recollidos nas Contas económicas trimestrais reflicten o seu incremento interanual no derradeiro trimestre de 2025. En concreto, no cuarto trimestre de 2025 esa medra é do 1,4% no caso das horas traballadas e dos postos de traballo equivalente a tempo competo, e do 1,2% no caso dos postos de traballo.

Evolución do Custo Laboral Unitario real 2020-2025 (base 2020 = 100)



Fonte: IGE

O MERCADO DE TRABALLO.
Balance global positivo no primeiro trimestre de 2026

O crecemento sostido da actividade económica en Galicia reflíctese no comportamento do mercado de traballo, ao presentar os catro indicadores da ocupación considerados taxas de crecemento superiores ás estimadas no ano anterior. Asemade, no último trimestre mellora de xeito significativo a participación das persoas no mercado laboral (taxa de actividade) e na ocupación (taxa de emprego), mellorando a calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade. Por contra, rexístrase un lixeiro incremento da taxa de desemprego, situándose non obstante como a quinta C.A. coa taxa máis reducida.

O balance global positivo viría determinado polo feito do forte incremento da poboación activa, o segundo máis importante dende a crise económica de 2008, así como polo feito de que todo o emprego creado é emprego indefinido, situándose Galicia como a segunda C.A. con menor taxa de temporalidade. Asemade, xunto ao dinamismo do emprego feminino, a creación de emprego prodúcese en maior medida no sector servizos, reducíndose non obstante no ámbito industrial. Por contra, no que ao desemprego se refire, destaca o incremento da poboación parada estimada pola EPA, medra que se produce tanto entre os homes como entre as mulleres, o que contrasta co descenso experimentado no caso do paro rexistrado nas oficinas de emprego. Asemade, tras o forte descenso do ano anterior, no primeiro trimestre aumenta o número de persoas que levan máis dun ano nesa situación de desemprego.

Con todo, estes datos teñen de ser matizados unha vez máis tendo en conta non só que Galicia é unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, senón tamén que o mercado laboral no conxunto de España presenta, con carácter xeral, un maior dinamismo que en Galicia.

A taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade, indicadores básicos do mercado laboral, permiten realizar unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo e a súa comparación co resto das CC.AA. Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, o que contrasta coa taxa de paro, xa que Galicia se sitúa como a quinta con menor desemprego. Asemade, hai que resaltar que Galicia se sitúa como a segunda C.A. coa taxa de temporalidade máis reducida tras Madrid.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos sitúase no primeiro trimestre do ano no 54,2%,

máis de catro puntos e medio por baixo do estimado no conxunto do Estado (58,9%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a terceira C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias, cun 52%, e Castela e León, cun 53,5%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 51,8% e 56,7%, respectivamente, descendendo o diferencial ata os 4,9 puntos porcentuais (6,3 no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (9,4 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,3% e a masculina ata o 63,7%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos sitúase en Galicia no 49,3%, un punto superior á do ano anterior, reducíndose o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 3,2 puntos fronte aos 3,6 do ano anterior (en España ascende ata o 52,5%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Estremadura (47,3%), Asturias (47,3%), Castela e León (48,7%) e Andalucía (48,7%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 52% fronte ao 46,9% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 5,1 puntos, fronte aos 10 puntos en España (57,6% e 47,6%, respectivamente).

A taxa de paro galega ascende no primeiro trimestre ata o 9%, dúas décimas superior á estimada no ano anterior. A pesar deste lixeiro incremento, Galicia sitúase como a quinta Comunidade autónoma coa taxa máis reducida, aínda que

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade no I trimestre 2026

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	54,2%	58,9%	Madrid (63,3%) Baleares (61,9%) Cataluña (61,6%) Murcia (60,4%)	Asturias (52,0%) Castela e León (53,5%) Galicia (54,2%) Estremadura (54,5%)
Taxa de ocupación	49,3%	52,5%	Madrid (58,3%) Cataluña (55,4%) Aragón (54,0%) Murcia (53,9%)	Estremadura (47,3%) Asturias (47,3%) Castela e León (48,7%) Andalucía (48,7%)
Taxa de paro	9,0%	10,8%	Cantabria (7,5%) Madrid (7,9%) País Vasco (8,2%) Aragón (7,6%) Galicia (9,0%)	Galicia (49,3%) Andalucía (14,7%) Baleares (13,8%) Estremadura (13,3%) Murcia (12,9%)
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	24,3%	24,5%	Canarias (17,4%) Aragón (18,5%) Cataluña (19,3%) Asturias (20,4%)	Andalucía (32,4%) A Rioxa (29,0%) Baleares (28,7%) C. Valenciana (28,6%)
Taxa de temporalidade	11,6%	14,8%	Madrid (11,4%) Galicia (11,6%) Cataluña (11,6%) Cantabria (13,0%)	Estremadura (21,2%) Andalucía (18,8%) Navarra (18,3%) País Vasco (18,2%)

Fonte: INE

lonxe do rexistrado en Cantabria (7,5%) ou Madrid (7,9%). No conxunto de España a taxa de desemprego descende ata o 10,8%, seis décimas menos que no ano anterior. O diferencial entre as taxas de Galicia e España redúcese ata os 1,9 puntos porcentuais fronte aos 2,6 puntos do ano anterior. A taxa feminina é superior á masculina en todas as CC.AA. agás en A Rioxa, onde se igualan, situándose en Galicia no 9,5% e 8,4%, respectivamente, fronte aos 12,4% e 9,5% en España. Este diferencial entre as taxas de paro feminina e masculina supera os seis puntos en Murcia, os cinco en Castela A Mancha, e os catro puntos e medio en Andalucía, C Valenciana e Estremadura.

Poboación activa

O número de persoas activas no primeiro trimestre de 2026 ascende en Galicia a 1.294.100 persoas, 33.000 máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 2,6%. Este incremento

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2024-2026

miles de persoas	2024	2025	2025				2026
			I	II	III	IV	
Poboación maior de 16 anos	2.372,0	2.385,3	2.381,0	2.385,0	2.384,1	2.391,0	2.389,8
Poboación activa	1.262,3	1.277,1	1.261,1	1.271,6	1.282,0	1.293,8	1.294,1
25 - 34 anos	212,4	216,7	211,1	216,6	218,8	220,2	214,9
Poboación ocupada	1.144,0	1.170,5	1.150,1	1.165,5	1.179,5	1.186,9	1.178,1
Conta propia	208,8	210,9	208,9	205,2	217,6	211,7	219,0
Conta allea	934,8	958,8	940,1	959,3	960,4	975,3	958,4
Outra situación	0,4	0,9	1,1	1,0	1,5	-	0,7
Poboación parada	118,3	106,7	111,0	106,1	102,6	106,9	115,9
Parado longa duración	27,8	22,3	22,1	18,5	22,1	26,5	27,0
Poboación inactiva	1.109,7	1.108,1	1.119,9	1.113,4	1.102,1	1.097,1	1.095,7
Taxa de actividade	53,2%	53,5%	53,0%	53,3%	53,8%	54,1%	54,2%
Taxa de ocupación	48,2%	49,1%	48,3%	48,9%	49,5%	49,6%	49,3%
Taxa de paro	9,4%	8,4%	8,8%	8,3%	8,0%	8,3%	9,0%
Taxa de temporalidade	15,9%	13,8%	13,7%	14,1%	14,6%	12,9%	11,6%
Afiliacións (media trimestral)	1.072,9	1.090,9	1.070,8	1.093,8	1.105,0	1.094,1	1.089,8
Paro rexistrado (media trimestral)	123,1	113,6	120,5	111,5	110,2	112,3	115,3

Fonte: IGE

é o segundo máis acusado dende a crise económica de 2008, tan só superado polo rexistrado no segundo trimestre de 2021. A devandita evolución ven motivada fundamentalmente polo comportamento das mulleres, con 25.400 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (4,1%), aumentando en 7.600 persoas no caso dos homes (1,2%). Por contra, no conxunto de España a poboación activa medra un 1,9% entre os homes, dúas décimas por riba do rexistrado entre as mulleres (1,7%).

Xunto á desigual evolución da po-

boación activa entre mulleres e homes, cómpre mencionar o incremento do 19,8% da poboación activa de nacionalidade estranxeira en 19.200 persoas, porcentaxe que se sitúa no 1,2% entre as persoas españolas (13.800 menos). Asemade, o número de activos medra en maior medida entre aquelas persoas con estudos superiores rematados (28.400 persoas máis; 4,8%) e coa segunda etapa da ESO, orientación xeral, rematada (26.300 persoas máis; 18,1%), así como entre as persoas

Poboación activa, ocupada e parada 2023-26: distribución segundo sexos

Poboación activa total



Poboación activa. Homes e mulleres



Poboación ocupada total



Poboación ocupada. Homes e mulleres



Poboación parada total



Poboación parada. Homes e mulleres



Fonte: IGE.

Poboación activa I trimestre de 2026. Variación interanual



Fonte: IGE.

maiores de 55 anos (22.500 persoas máis; 7,5%). Asemade, entre as persoas de 45 a 54 anos a medra interanual do 4% (15.200 persoas máis).

Fronte a ese incremento, a poboación activa descende de xeito importante entre aqueles con estudos de ESO primeira etapa (29.600 persoas menos que no primeiro trimestre do ano anterior; -8,9%) e entre os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (12.100 persoas menos; 4%). Asemade, descende un 3,4% a poboación activa entre as que a segunda etapa da educación secundaria (orientación profesional), o que supón 5.500 persoas menos.

Ocupación

A pesar da ralentización da actividade económica de Galicia no primeiro trimestre de 2026, cunha medra do 2,4%, medio punto menos que no ano precedente, os catro indicadores de ocupación considerados presentan taxas de crecemento superiores ás estimadas no ano anterior. Dunha banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra un 2,4%, o que supón catro décimas por riba do estimado no ano anterior. Doutra banda, as afiliacións á Seguridade Social presentan un incremento interanual do 1,8% fronte ao 1,5% do ano precedente. Asemade, as contas económicas reflicten o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medran un 1,1% fronte o 0,8% rexistrado no ano anterior; e o número de horas traballadas o fai nun 1,5% (0,1% en 2025). Ao igual que en anos anteriores, o mercado laboral en España presenta con carácter xeral un mellor comportamento que en Galicia, aumentando os postos de traballo equivalente a tempo completo un 2,8%; as afiliacións un 2,7% e o número de horas traballadas un 2,1% (tan só a poboación

ocupada presenta un crecemento similar 2,4%).

No concernente ao número medio de **afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Socia**l en Galicia no primeiro trimestre ascende a 1.089.834 persoas afiliadas, o que supón en torno ás 19.600 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,8%, nove décimas por baixo do rexistrado en España. Tanto entre homes como en mulleres, as afiliacións en España presentan un maior dinamismo, aumentando un 2,8% entre as mulleres e un 2,6% entre os homes no conxunto do Estado fronte ao 1,8% en Galicia en ambos os dous casos.

No que se refire á análise da **poboación ocupada**, no primeiro trimestre do ano o emprego medrou en 28.000 persoas, ascendendo o número total de persoas ocupadas ata as 1.178.100. En termos relativos, o incremento interanual foi do 2,4%, o que supón catro décimas máis que no ano precedente. O devandito incremento prodúcese fundamentalmente entre as mulleres, aumentando a ocupación en 22.000 persoas (3,9%), fronte ao incremento en 6.000 persoas ocupadas entre os homes (1%). Se ben o mercado de traballo español presenta un crecemento da ocupación similar ao galego, o emprego feminino presenta en Galicia un maior dinamismo ao medrar un 3,9% fronte ao 2,1% no conxunto do Estado, o que contrasta cunha medra da ocupación entre os homes do 2,7% en España fronte ao devandito 1% en Galicia.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, xunto ao devandito dinamismo do emprego feminino, cómpre salientar que todo o emprego creado é emprego indefinido, situándose Galicia como a segunda Comunidade autónoma con menor taxa de temporalidade tras Madrid. A creación de emprego prodúcese fundamentalmente no sector servizos, reducíndose tan só a ocupación no sector industrial. Con todo, Galicia mantense entre as CC.AA. con menor taxa de ocupación.

Atendendo ao nivel formativo das persoas ocupadas, o incremento de emprego máis importante rexístrase entre as persoas coa segunda etapa de educación secundaria, orientación xeral, con 25.400 persoas ocupadas máis (19,6%), por diante das persoas con educación superior rematada, cun incremento de 18.000 persoas (3,3% máis). Por contra, redúcese o emprego entre aquelas coa primeira etapa da ESO rematada en 16.600 persoas (-5,7%) e en 9.200 persoas (-6,3%) entre aquelas coa segunda etapa (orientación profesional) rematada. No que atinxe aos grupos de idade, salienta o incremento da ocupación experimentado entre os maiores de 55 anos (6,4%; 17.500 persoas ocupadas máis), impulsado pola evolución entre as mulleres, con 18.900 persoas ocupadas máis (13,8%); así como entre aquelas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos, con 13.600 persoas ocupadas máis (3,8%).

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas, a mellora do emprego no primeiro trimestre en Galicia prodúcese tanto por unha medra do número total de persoas traballadoras por conta propia como allea, se ben existen diferenzas no que á evolución entre homes e mulleres se refire. Isto contrasta co comportamento no conxunto de España onde a ocupación aumenta tan só entre as persoas asalariadas.

Poboación ocupada en Galicia I trimestre 2026: distribución segundo situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia 25/26		
	(en miles de persoas)			*(%)*		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.178,1	592,5	585,6	2,4	1,0	3,9
Situación profesional						
Traballadores por conta propia	219,0	130,4	88,7	4,8	7,0	2,0
Empregador	69,9	40,9	28,9	0,1	1,5	-2,0
Empresarios sen asalariados	141,1	86,8	54,3	3,6	7,7	-2,5
Membros cooperativas	1,7	0,9	0,7			
Axuda na empresa ou negocio familiar	6,4	1,7	4,7	156,0	183,3	161,1
Asalariados	958,4	462,1	496,3	1,9	-0,5	4,3
Sector público	204,5	82,7	121,9	6,3	12,8	2,4
Sector privado	753,9	379,5	374,4	0,8	-2,9	4,9
Outra situación	0,7		0,7			
Grupos de idade						
16-19 anos	6,0	3,6	2,3	50,0	56,5	35,3
20-24 anos	44,5	22,9	21,6	4,5	-3,8	15,5
25-34 anos	189,0	98,4	90,6	0,9	3,5	-1,7
35-44 anos	271,9	141,7	130,2	-3,1	-3,0	-3,1
45-54 anos	373,8	188,7	185,1	3,8	4,5	3,1
55 e máis anos	293,0	137,2	155,8	6,4	-1,0	13,8
Nivel de formación acadado (1)						
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	4,7	2,7	1,8	56,7	-3,6	800,0
Educación primaria	34,8	18,3	16,5	33,8	10,9	73,7
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	275,4	166,6	108,8	-5,7	-3,6	-8,7
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	154,9	74,4	80,5	19,6	15,7	23,5
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	136,8	71,8	65,0	-6,3	-14,7	5,2
Educación superior	571,7	258,6	313,0	3,3	5,1	1,8

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

No concernente ao emprego por conta propia, Galicia presenta no primeiro trimestre do ano unha medra interanual do 4,8% (10.100 persoas ocupadas máis), resultado dunha medra do 7% entre os homes (8.500 persoas máis) fronte ao 2% entre as mulleres (1.700 persoas). O devandito crecemento prodúcese fundamentalmente entre as persoas empresarias que non teñen asalariados (4.900 persoas máis) e entre aquelas que axudan na empresa ou negocio familiar (3.900 máis). Entre os empresarios cómpre mencionar o descenso do número de mulleres empregadoras (-2%; 600 persoas menos) e empresarias sen persoas asalariadas (-2,5%; 1.400 menos), o que contrasta co incremento experimentado no caso dos homes, especialmente no caso dos empresarios sen asalariados (7,7%; 6.200 ocupados máis). Entre as persoas que axudan na empresa ou negocio familiar, o maior incremento rexístrase entre as mulleres, con 2.900 ocupadas máis, fronte aos 1.100 no caso

dos homes. Isto contrasta co acontecido no conxunto de España, onde o aumento o emprego descende tanto entre os homes como entre as mulleres, rexistrándose con maior intensidade entre os homes (-1,5% e -0,1%, respectivamente).

No que atinxe ao emprego asalariado, a ocupación aumenta en Galicia un 1,9% (18.300 persoas ocupadas máis) por mor do comportamento do emprego feminino, que aumenta un 4,3% respecto ao mesmo período do ano anterior (20.400 persoas máis), descendendo por contra un 0,5% entre os homes (2.100 ocupados menos). Esta desigual evolución ven motivada fundamentalmente polo comportamento do emprego no sector privado, onde a ocupación entre as mulleres aumenta un 4,9% (17.600 persoas máis), reducíndose por contra o emprego entre os homes un 2,9% (11.400 ocupados menos). No concernente ao sector público, Galicia presenta unha medra da ocupación do 12,8% entre os homes (9.400 persoas máis) así como do 2,4% entre as mulleres (2.800 persoas máis). Por contra, o mercado laboral español presenta un incremento interanual do emprego asalariado no sector público do 4,7%, aumentando un 2,6% no ámbito privado.

No que atinxe á distribución sectorial, o incremento da poboación ocupada ven explicado en maior medida polo comportamento do sector servizos, reducíndose tan só a ocupación no conxunto do sector industrial. Dunha banda, o sector servizos

Poboación ocupada I trimestre de 2026: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	ESPAÑA			GALICIA			GALICIA / ESPAÑA		
	(en miles de persoas)			*(en miles de persoas)*			*(taxa variación interanual)*		
Total	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Sector Primario	22.293,0	11.925,7	10.367,2	1.178,1	592,5	585,6	5,3%	5,0%	5,6%
Industria	793,4	593,5	199,9	67,0	44,0	23,0	8,4%	7,4%	11,5%
Ind. extractivas; Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	3.064,9	2.194,1	870,8	186,6	131,4	55,2	6,1%	6,0%	6,3%
Industria manufactureira	303,8	234,1	69,7	15,2	11,1	4,1	5,0%	4,7%	5,9%
Construción	2.761,1	1.960,0	801,1	171,4	120,4	51,0	6,2%	6,1%	6,4%
Servizos	1.555,4	1.408,8	146,6	81,2	73,0	8,2	5,2%	5,2%	5,6%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos de motor e motocicletas; Transporte e almacenamento; Hostalaría	16.879,3	7.729,4	9.149,9	843,2	344,1	499,3	5,0%	4,5%	5,5%
Información e comunicacións	5.922,2	3.134,7	2.787,5	301,8	140,8	161,1	5,1%	4,5%	5,8%
Actividades financeiras e de seguros	785,1	561,8	223,3	33,6	23,8	9,8	4,3%	4,2%	4,4%
Actividades inmobiliarias	510,9	239,2	271,7	16,9	6,9	10,0	3,3%	2,9%	3,7%
Actividades profesionais; científicas e técnicas; actividaes adminis trativas e servizos auxiliares	210,3	109,4	100,9	5,0	1,6	3,4	2,4%	1,5%	3,4%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria; Educación; Actividades sanitarias e de servizos sociais	2.500,8	1.177,4	1.323,4	112,6	45,8	66,8	4,5%	3,9%	5,0%
Activ. artísticas, recreativas e de entretemento; fogares como empregadores domésticos e como produtores de bens e servizos para uso propio; activ. de organizacións e organismos extraterritoriais; outros servizos	5.212,1	1.785,2	3.426,9	283,7	92,6	191,2	5,4%	5,2%	5,6%
	1.737,9	721,7	1.016,2	89,6	32,6	57,0	5,2%	4,5%	5,6%

Fonte: IGE

presenta unha medra do 4%, o que supón 32.800 persoas máis, impulsado fundamentalmente pola creación de emprego nas actividades de "comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas", cunha medra interanual do 8,6% (14.400 persoas ocupadas máis) e nas correspondentes ás actividades sanitarias e de servizos sociais, con 11.200 persoas máis (9,8%), e á "administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria", con 9.400 persoas ocupadas máis (15,2%). No ámbito da construción a ocupación medrou en 2.000 persoas (2,5%), ascendendo no sector primario a 1.800 persoas (2,8% máis). Doutra banda, o sector que presenta un peor comportamento é o sector industrial, cunha destrución de emprego do 4,5% (8.700 persoas ocupadas menos), e en especial na industria manufactureira, con 5.000 ocupados menos (-2,8%). Entre as distintas ramas de actividade, as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais presentan unha destrución do 4,4% (7.700 persoas ocupadas menos), e de 4.100 persoas no caso do transporte e almacenamento (-6,8%).

Estrutura da ocupación en Galicia I trimestre de 2019, 2025 e 2026. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



Fonte: IGE

• CALIDADE DO EMPREGO

No primeiro trimestre do ano todo o emprego por conta allea creado en Galicia é emprego indefinido. Entre xaneiro e marzo Galicia presenta unha medra interanual do 4,4% das persoas asalariadas con contrato indefinido (36.000 persoas) e un descenso do 13,7% entre aquelas persoas con contrato temporal (-17.700 persoas). No conxunto do Estado, o emprego asalariado con contrato indefinido medra un 3,4% respecto ao ano anterior, aumentado ao mesmo tempo o emprego temporal nun 0,6%.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no primeiro trimestre do ano o emprego indefinido medra en Galicia tanto entre os homes como en maior medida entre as mulleres. En concreto, o emprego indefinido medra entre as mulleres un 6,9% respecto ao ano anterior (27.400 persoas), aumentando un 2,1% entre os homes (8.600 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un crecemento en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 3% entre as mulleres e no 3,9% entre os homes. No concernente ao emprego temporal, o descenso en Galicia prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre os homes, cunha redución interanual do 21,7% (10.700 persoas menos), que entre as mulleres, cun 8,9% (7.100 persoas). O mercado laboral en España presenta unha caída dos contratos temporais entre as mulleres do 0,3%, o que contrasta cunha medra do 1,8% entre os homes.

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 11,6%, máis de tres puntos inferior á rexistrada no conxunto de España (14,8%), porcentaxe que mantén a Galicia como a segunda C.A. coa taxa máis reducida tras Madrid (11,4%). Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 14,6% fronte ao 8,3% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 17% no caso das mulleres e o 12,7% no dos homes. Xunto á devandita caída da temporalidade en relación ao ano anterior, aumenta lixeiramente o diferencial existente, que en Galicia se sitúa en 6,3 puntos fronte aos 6,1 do mesmo trimestre do ano precedente (4,3 e 4,5 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia tanto no ámbito privado, cunha caída interanual do 8,2% (5.900 persoas menos), como en maior medida no sector público, cun descenso do 20,8% (11.900 persoas menos). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España aumenta un 0,1% no sector público, e nun 0,9% no sector privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público redúcese ata o 22,2%, trece puntos e medio por riba do estimado para o sector privado (8,7%), situándose no conxunto do Estado en 26,8% e 11,9%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, tanto no conxunto de España como en Galicia aumenta o emprego a tempo completo; e doutra, mantense o emprego a tempo parcial en Galicia e redúcese un 1,3% no conxunto de España. En concreto, a emprego a xornada completa aumenta un 2,8% en Galicia (28.100 persoas máis), aumentando un 3% no

conxunto do Estado.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no primeiro trimestre do ano a ocupación a xornada a tempo completa medra tanto entre os homes como en maior medida entre as mulleres; en concreto, un 3,9% (17.400 persoas) entre as mulleres e un 2% (10.700 persoas) entre os homes. Por contra, a ocupación a tempo parcial descende entre os homes un 11,6% (-4.700 persoas), aumentando por contra un 3,9% entre as mulleres (4.700 persoas máis), o que contrasta co descenso dun 4% entre as mulleres no conxunto de España (aumenta entre os homes un 6%). Tras esta evolución, o 77,7% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia son mulleres, tres puntos superior ao estimado no ano anterior (74,8%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo descende ata o 45,3% (44,8% no mesmo período de 2025).

DESEMPREGO

Os datos das oficinas de emprego e as estimacións da poboación parada recollidas na EPA reflicten unha evolución desigual no primeiro trimestre de 2026. Dunha banda, o paro rexistrado nas oficinas de emprego presentan unha redución interanual do 4,3%, a taxa máis reducida nun primeiro trimestre dende o ano 2021, para situarse en torno ás 115.300 persoas desempregadas, 5.200 menos que no ano precedente. Neste primeiro trimestre do ano, este descenso foi máis acusado no conxunto do Estado, cunha caída do 6,1%.

Doutra banda, fronte á devandita caída do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego, a poboación parada reflectida na EPA aumenta en Galicia un 4,4% para situarse en 115.900 persoas, 4.900 máis respecto ao ano anterior. Fronte ao descenso do ano anterior, este incremento prodúcese tanto entre os homes como en maior media entre as mulleres; en concreto, aumenta un 5,7% entre as mulleres (3.300 persoas máis) e un 3,2% entre os homes (1.700 parados máis). Tras esta evolución, Galicia conta con 61.500 mulleres paradas (53,1%) e 54.400 homes desempregados (46,9%). Por contra, o mercado laboral español presenta unha redución en ambos os dous casos, sendo esta caída do 4,7% entre os homes e do 1,2% entre as mulleres.

A taxa de paro, que reflicte a relación entre a poboación parada e a poboación activa, ascende no primeiro trimestre do ano ata o 9%, dúas décimas por riba do estimado no mesmo período do ano precedente, o que supón o segundo valor máis reducido nun primeiro trimestre dende a crise económica de 2008. Este incremento rexístrase tanto entre os homes como entre as mulleres, afectando en maior medida ao desemprego feminino, cunha taxa de pro do 9,5%, que ao masculino, cun 8,4% (9,4% e 8,2% no ano anterior, respectivamente). No conxunto do Estado, a pesar do descenso experimentado, as taxas de paro mantense por riba da estimada en Galicia, situándose a taxa de paro entre as mulleres no 12,4%, case tres puntos por riba da estimada para os homes (9,5%).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia

Trimestre	2024	2025	2025 I	2025 II	2025 III	2025 IV	2026
(en miles de persoas)							
Poboación parada	118,3	106,7	111,0	106,1	102,6	106,9	115,9
Homes	56,9	51,5	52,7	55,9	45,2	52,0	54,4
Mulleres	61,5	55,2	58,2	50,2	57,4	54,9	61,5
Paro de longa duración	44,2	37,0	37,0	35,5	33,4	42,2	40,3
(Taxa de variación interanual; %)							
Poboación parada	-2,5	-9,9	-15,7	-11,4	-8,8	-2,3	4,4
Homes	-1,0	-9,5	-18,7	-3,6	-19,1	6,8	3,2
Mulleres	-3,9	-10,2	-12,9	-18,8	1,4	-9,6	5,7
Paro de longa duración	-10,3	-16,1	-25,4	-20,6	-14,8	-2,1	8,9
(porcentraxe de poboación activa; %)							
Taxa de paro							
Total	9,4	8,3	8,8	8,3	8,0	8,3	9,0
Homes	8,8	8,0	8,2	8,6	7,0	8,0	8,4
Mulleres	10,0	8,7	9,4	8,0	9,0	8,5	9,5
Segundo nivel de estudios							
Estudios primarios	21,7	19,9	18,8	23,2	17,8	20,2	19,5
ESO. 1ª etapa	11,6	10,5	12,0	10,7	10,6	8,8	8,9
ESO. 2ª etapa	10,3	9,3	10,0	10,4	7,5	9,5	10,8
Educación superior	6,7	5,9	5,7	5,1	6,2	6,5	7,1
Segundo grupos de idade							
Menores de 25 anos	25,8	24,6	26,0	24,0	20,9	27,4	21,6
De 25 a 54 anos	8,6	7,5	7,9	7,7	7,4	6,8	6,8
Maiores de 55 anos	8,1	7,2	7,9	6,7	6,8	7,4	10,3
Segundo nacionalidade							
Española	8,5	7,6	8,0	7,2	7,3	7,8	8,3
Estranxeira	20,9	17,2	18,8	21,9	15,3	13,1	16,1

Fonte: IGE

de paro entre as persoas cun menor nivel educativo aumenta ata o 19,5%, sete décimas máis que no mesmo trimestre do ano anterior. Asemade, a taxa de desemprego entre as persoas con estudos superiores aumenta ata o 7,1% (5,7% no ano precedente). Fronte a este incremento, a taxa de paro entre os máis novos e as persoas estranxeiras redúcese significativamente; en concreto, sitúase no 21,6% entre os menores de 25 anos, case catro puntos e medio menos que no primeiro trimestre do ano precedente (26%), e no 16,1% entre as persoas de nacionalidade estranxeira (18,8% no ano anterior). Xunto a estas taxas cómpre mencionar o lixeiro incremento entre as persoas españolas, que se sitúa no 8,3%, así como o descenso da taxa de paro entre as persoas de 25-54 anos, que acada o 6,8% (8% e 7,9%

no ano precedente, respectivamente).

Xunto ao devandito comportamento cómpre mencionar a medra do paro de longa duración, o que contrasta co descenso estimado no conxunto de España. No primeiro trimestre de 2026 un total de 40.300 persoas galegas levan máis dun ano en situación de desemprego, un 8,9% máis que no ano anterior, o que representa o 34,8% das persoas paradas en Galicia (33,3% no ano precedente). No conxunto do Estado o desemprego de longa duración redúcese un 10,9%, situándose o seu peso relativo no 35%.

Por último, cómpre facer referencia á situación dos fogares galegos segundo a tipoloxía de actividade. Un primeiro aspecto positivo é o descenso do número de fogares con todos os seus activos en situación de desemprego. En concreto, a pesar do incremento da poboación parada nun 4,4%, o número de fogares galegos con todos as persoas activas en paro redúcese un 13,9%, situándose nos 36.500 fogares, 5.900 fogares menos que no ano anterior, o que representa o 3,2% dos fogares galegos (3,7% no mesmo período do ano anterior). Ademais, aumenta o número de fogares onde todas as persoas activas están ocupadas, acadando os 668.200 fogares, o que supón un 0,2% máis que no ano precedente (1.600 fogares máis).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


//ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
civisglobal
construimos entorno
COREN
CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA
Cruz Roja
ECOENER
Galuresa
Algo más que gasolineras
Hierros AÑÓN, S.A.
HR Hijos de Rivera
JEALSA
LENCE
LUPA comunicación
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
GRUPO Nortempo
PÉREZ RUMBAO
Profand
reganosa
ReVi
Rodiñas
Rodman
TERRAS GAUDA
Universidade Vigo
MINISTERIO DE HACIENDA
ZONA FRANCA VIGO



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

II / 2026

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas